

# Normas de actuación no ámbito da organización docente ante casos de confinamento ou baixa por COVID-19

O curso 2020/21 constitúe un período excepcional para a organización e desenvolvemento da docencia universitaria por mor da pandemia da COVID-19. Así, o Consello de Goberno, tras un amplo debate, aprobou por consenso un conxunto de medidas extraordinarias para este curso, entre as que se inclúe unha organización docente adaptada e con 3 modalidades posibles en función das circunstancias de cada momento. Ademais, as porcentaxes de docencia presencial con respecto a un curso normal veñen condicionados pola diminución do nivel de ocupación dos centros e dos aforos das aulas, polas infraestruturas e recursos docentes dispoñibles e polas características propias de cada título e materia.

A pesar de toda a planificación feita, existen dous condicionantes externos e non previsibles que poden afectar de forma importante ao desenvolvemento da actividade docente:

- 1- As normas ditadas polas autoridades sanitarias en función da situación de cada momento, que poden obrigar a reducir e adaptar a presencialidade, non solo nos espazos docentes (aulas, laboratorios e seminarios), senón en todos os espazos dos centros. Os efectos destas medidas poden ser moi diferentes en cada un deles, tal como se detalla no PPCC aprobados.
- 2- As posibles situacións de baixas, confinamentos e illamentos, tanto totais como parciais. Así, ao longo do curso, os membros da comunidade universitaria poden verse afectados directa ou indirectamente pola COVID-19, tanto de xeito individual como colectivo, ante escenarios de confinamento persoal, de grupo de clase, de todo un centro ou, no caso máis extremo, de toda a universidade.

Faise necesario, polo tanto, **realizar una planificación académica flexible que se adapte á evolución da pandemia e os seus posible gromos.**

Así, ao marxe das actuacións obrigatorias de cada un dos membros da comunidade universitaria ante á aparición dunha situación relacionada ca COVID-19 que aparecen nos diferentes protocolos (posta en coñecemento do delegado Covid, ...), a continuación indícanse as actuacións de carácter académico que deben adoptarse.



## 1. Casuística do profesorado

1. Situación baixa médica:  
Si o/a profesor/a colle unha baixa médica non poderá realizar actividade docente durante a duración da mesma. Nestes casos actuarase como sempre que se produce unha baixa médica dun/ha docente.
2. Impedimento de asistencia os centro de traballo sen baixa médica:  
Esta situación darase cando o profesor estea en situación de confinamento ou illamento e mentres dure a mesma.  
Neste caso, o profesor poderá optar por tres opcións:
  - Impartir a docencia correspondente desde o lugar en que se atope confinado, utilizando o Campus Integra ou a solución que para a docencia non presencial teña adoptado o seu centro, e no horario aprobado polo centro.
  - Poñer a disposición do alumando o material necesario para o seguimento da docencia, incluíndo a gravación das clases, no caso de non poder seguir o horario aprobado polo centro.
  - Programar, en coordinación co centro, o aprazamento da docencia correspondente, que se recuperará unha vez que o/a profesor/a se reincorpore ao centro. Esta solución non será posible cando a docencia corresponda á última semana de docencia do cuadrimestre.A solución adoptada deberá ser comunicada ao alumnado da materia coa antelación suficiente.

## 2. Casuística do alumnado

1. Situación de caso confirmado por parte dun estudante:
  - No caso de que a docencia poda seguirse a distancia, por estar utilizándose Campus Integra ou calquera outra solución adoptada polos centros, e o estado de saúde do/a alumno/a lle permita seguir ás clases, o alumno comunicará dita situación ao profesorado de cada materia para que non se programe a súa asistencia presencial.
  - En calquera outro caso, o/a alumno/a comunicará a situación ao profesorado de cada materia para que lle indique como recuperar as actividades docentes perdidas unha vez se reincorpore ás aulas, tal como se viña facendo ante calquera outra enfermidade do alumnado.
2. Impedimento de asistencia os centro por situación de confinamento ou illamento e mentres dure a mesma.
  - No caso de que a docencia poda seguirse a distancia, por estar utilizándose Campus Integra ou calquera outra solución adoptada polos centros, o alumno comunicará dita situación ao profesorado de cada materia para que non se programe a súa asistencia presencial.
  - No caso de actividades docentes presenciais, o/a alumno/a comunicará a situación ao profesorado de cada materia para que lle indique como recuperar as actividades docentes perdidas unha vez se reincorpore ás aulas



### 3. Casuística de confinamiento dun grupo docente

No caso de que o Reitor decrete o peche dun grupo docente ante a detección de casos positivos, as materias correspondentes pasarán a impartirse seguindo o previsto na guía docente para esta situación (todas as guías docentes contemplan o paso a modalidade totalmente non presencial), durante o tempo que se manteña a situación (actualmente 10 días)

